



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 12 DE ABRIL DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00015427Y.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2021.
- Extraordinaria e urxente de data 4 de febreiro de 2021.
- Ordinaria de data 8 de febreiro de 2021.
- Extraordinaria e urxente de data 9 de febreiro de 2021.
- Extraordinaria e urxente de data 11 de febreiro de 2021.
- Extraordinaria e urxente de data 12 de febreiro de 2021.
- Ordinaria de data 15 de febreiro de 2021.
- Ordinaria de data 22 de febreiro de 2021.
- Extraordinaria e urxente de 24 de febreiro de 2021.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/867/2020.

Licenza para construción de vivenda unifamiliar illada

Acórdase CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 18/11/2020 e a documentación presentada o 28/11/2020 e o 08/01/2021; a CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA na RÚA DE SENANDE, 32, SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), cun orzamento de execución material de 111.982 euros.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00000165Y.

Licenza para plan de despregue FASE 9

Acórdase CONCEDER a ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SL, licenza para realizar o PLAN DE DESPREGGUE DA REDE FTTH ORANGE/JAZZTEL na CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), FASE 9, segundo o proxecto presentado a data 31/03/2021, cun orzamento de execución material de 38.905,10 euros. A fase nove desenvolverase no ámbito que se describe a continuación:

- Quinteiro da Rúa do Franco, Rúa Fonseca, Rúa da Raíña e Praza de Fonseca.
- Praza do Obradoiro nº 3 (catedral de Santiago) e nº 4 (Pazo de San Xerome).
- Quinteiro da Rúa de San Pedro, Campo do Forno, Calzada de Santo Antonio e Calzada de San Pedro.
- Rúa do Medio (núm. 22 a 42)
- Rúa Carricova (núm. 1 a 5)
- Rúa Travesa de San Pedro (núm. 4 a 6)
- Rúa Travesa de San Pedro (núm. 4 a 6)
- Rúa do Rosario (núm. 1 a 29)

Rúa de Bonaval (núm. 1 a 31)

- Rúa da Costiña do Monte (núm. 1 a 20)
- Quinteiro da Rúa de Belvís, Campo de Santo Antonio e Corredoira das Fraguas.
- Rúa da Virxe da Cerca (núm. 1 a 30)
- Rúa das Trompas (núm. 1 a 21)
- Ruela da Tafona (núm. 1 a 8)

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00008810Q.

Licenza para a restauracion da CUBERTA

Acórdase CONCEDER á FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado na data 26/02/2021; a RESTAURACIÓN DA CUBERTA DA CAPELA DA COMUÑÓN DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, cun orzamento de execución material de 175.505,31 euros.

5. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: ESTACION 2021.

Proposta do concelleiro delegado de mobilidade dando conta da autorización para a posta en servizo da estación de autobuses, integrada na estación intermodal e propoñendo que se realicen os tramites pertinentes para o encargo da xestión de explotación da estación de autobuses á empresa TUSSA.

Adóptasen os seguintes acordos:

Primeiro: dase conta da comunicación realizada pola Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia relativa á autorización da posta en servizo da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal fixándose o día 3 de maio de 2021 como data efectiva desta posta en servizo.

Segundo: acórdase que se realicen os trámites pertinentes orientados a materializar o encargo á Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago SA (TUSSA), na súa calidade de medio propio personificado e servizo técnico respecto do Concello de Santiago, da xestión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal, situada na rúa Clara Campoamor, así como das superficies e instalacións comprendidas dentro do recinto dela, e que aparecen definidas e detalladas no proxecto de explotación aprobado pola Dirección Xeral de Mobilidade o 14 de decembro de 2020, nos termos e coas condicións recollidas na Resolución da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia de 17 de febreiro de 2021 pola que se outorga a concesión de dominio público en favor do Concello de Santiago de Compostela, sobre os terreos e instalacións da Estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na Estación intermodal situados na rúa Clara Campoamor.

6. EMPREGO. Referencia: 00015405F.

Aceptación da subvención da dirección xeral de formación e emprego para a posta en marcha do programa integral “SANTIAGO E-COM II”.

Adóptanse os seguintes acordos:

Acéptase a subvención da Dirección Xeral de Formación e colocación da Consellería de Emprego e Igualdade, por importe de **184.252,20 euros** para a posta en práctica do programa Integrado en materia de emprego, Proxecto “Santiago E-COM II”, sendo o gasto elixible de 230.315,25 euros.

Apróbase a creación do Proxecto “Santiago E-COM II” no orzamento vixente, e a aportación do Concello de Santiago en concepto de cofinanciación, por importe de 46.063,05 Euros se realice do seguinte xeito:

- Na anualidade 2020, inclúese o período comprendido entre o 9 de novembro eo 31 de decembro de 2020, por importe total de **4.177,98** euros de cofinanciación do Concello, coa aportación do persoal propio para as labores de coordinación.
- Na anualidade 2021, inclúese o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 8 de novembro de 2021, por importe total de **226.137,27 €** (184.252,20 € de subvención e 41.885,07 € de cofinanciación, con aportación de persoal propio para as labores de coordinación, por 33.671,82 €, e 8.213,25 €, con cargo a aplicación orzamentaria 010 – 24100 – 2260600, Fomento do Emprego. Reunións, conferencias e cursos.

7. DEPORTES. Referencia: 3495/2021.

Prórroga do contrato coa sociedade mixta “Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos S.L.”, con CIF.: B 15792864

Acórdase prorrogar o actual contrato coa sociedade mixta “Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos S.L.”, con ata 19 de maio de 2022, facendo coincidir a finalización desta prórroga coa acordada por unanimidade e de forma expresa no Consello de Administración do Consorcio da Cidade de Santiago respecto do complexo deportivo de Sar.

8. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU017.

Convalidación de gastos por omisión da función interventora. Factura expedida por “SERVICIOS Y MATERIALES, S.A. (SERMASA)” CON CIF NÚM. A28781151 en concepto de xestión das escolas infantís municipais de Conxo e Fontiñas correspondente ao mes de xaneiro DE 2021.

Acórdase resolver o expediente de convalidación da omisión da función interventora S-212, referido á factura e relación contable F/2021/349, de data 31/01/2021 e importe de 32.398,27 euros. Autorízase a dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por ese importe, e dispónse s continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

9. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU019.

Proposta do concelleiro delegado de educación relativa á corrección de erros materiais no punto 8 (referencia: 2021/EDU016) do acordo da XGL DO 29 de marzo de 2021.

No senso que se indica de seguido:

Corríxense os seguintes erros:

1.- Onde di no texto do citado acordo: “Factura emitida por UTE FERROVIAL SERVICIOS, S.A. y FERROSER SERVICIOS AUXILIARES, S.A. (SEVIZOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE) en concepto de servizos de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIPs do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao período do mes de xaneiro de 2021.”

debe dicir: “Facturas emitidas por UTE FERROVIAL SERVICIOS, S.A. y FERROSER SERVICIOS AUXILIARES, S.A. (SEVIZOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE) en concepto de servizos de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIPs do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao período do mes de xaneiro de 2021.”

2.- Onde di: “Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de NOVENTA MIL OITOCENTOS CINCUENTA EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (90.850,94 €) e que comeza pola número F/2021/471 por importe de 86.017,12

€ e remata pola número F/2021/476 por importe de 1.548,78 €, todas elas en concepto de servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIPs do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao período de xaneiro de 2021.”

debe dicir: “Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de NOVENTA MIL OITOCENTOS CINCUENTA EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (90.850,94 €) que se relacionan no cadro do punto 1 dos ANTECEDENTES, en concepto de servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIPs do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao período de xaneiro de 2021”.

10. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU018.

Proposta do concelleiro delegado de educación relativa á corrección de erros materiais no punto 6 (REFERENCIA: 2021/EDU014) do acordo da xgl do 29 de marzo de 2021.

Coríxese o seguinte erro:

1.- Onde di no texto do citado acordo:

Nº ENTRADA	NÚM. FACT.	PERÍODO	IMPORTE	TEXTO EXPLICATIVO
F/2021/470 30/11/2020	Emit-107	Xaneiro	2.639,05	Compensación por aplicación da exención de taxas familias numerosas do mes de xaneiro 2021

debe dicir:

Nº ENTRADA	NÚM. FACT.	PERÍODO	IMPORTE	TEXTO EXPLICATIVO
F/2021/470 04/02/2021	Emit-107	Xaneiro	2.639,05	Compensación por aplicación da exención de taxas familias numerosas do mes de xaneiro 2021

11. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: RENUNCIA CONVOCATORIA AXUDAS RESTAURACIÓN E HOSPEDAXE.

Presentación de renuncias por parte de dous beneficiarios da convocatoria de “Axudas para o rescate da restauración e hospedaxe do concello de Santiago de Compostela afectado pola COVID-19. Anualidade 2020”. Concesión aprobada pola Xunta de Goberno Local celebrada en sesión extraordinaria e urxente o día 30 de decembro de 2020.

Acórdase revogar o contido do 70 da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o pasado 30 de decembro de 2020 “Aprobación da concesión e xustificación das axudas para o rescate da restauración e hospedaxe do Concello de Santiago de Compostela afectado pola COVI-19. Anualidade2020” no termo que non sexan abonadas as cantidades concedidas a dous beneficiarios por renunciar as mesmas. O importe concedido, en cada un dos casos, era de 2.500 euros.

12. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00013891B.

Proposta da Alcaldía relativa a autorización de traspaso da caseta da Praza de Abastos número NC045, da que é titular Enrique Jiménez Lavilla, a favor de Atlántico Specialty Coffees, S.L.

Acórdase:

1º.- Autorizar o traspaso da caseta da praza de abastos número NC045. O prezo do traspaso é de 6.010,12 euros e a empresa xestora percibirá a cantidade de 3.005,06 euros. A caseta dedicarase á venda de cafés, téis e complementos.

2º.- A nova persoa adxudicataria ten a obriga de explotar a caseta conforme as disposicións recollidas no Regulamento municipal da Praza de Abastos e a duración da concesión será por un máximo de 50 anos en total, contados dende a data na que foi concedida inicialmente.

13. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00014027D.

Proposta da alcaldía relativa a autorización de transmisión das casetas da Praza de abastos números NC214 e NC215 a favor de RICARDO MARTÍNEZ RAMOS, por xubilación da súa cónxuxe, ROSA ALLO GARCÍA, titular legal das mesmas.

Acórdase:

1º.- Autorizar a transmisión das casetas da praza de abastos números NC214 e NC215, , por xubilación do seu cónxuxe, , titular legal das mesmas.

2º.- A nova persoa adxudicataria ten a obriga de explotar as casetas conforme ás disposicións recollidas no Regulamento municipal da praza de abastos e a duración da concesión será por un máximo de 50 anos en total, contados dende a data na que foi concedida inicialmente.

14. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00013803S.

Proposta da alcaldía relativa á autorización de permuta da caseta da Praza de abastos número CE024, da titularidade de ALBA MARIÑO IGLESIAS, pola caseta número CE026, da titularidade de PATRICIA PEITEADO CONSTENLA.

Acórdase

1º.- Autorizar a permuta das casetas da praza de abastos números CE024 e CE026.

2º.- Os adxudicatarios ten a obriga de explotar as casetas conforme ás disposicións recollidas no Regulamento municipal da praza de abastos.

15. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00013381F.

Traspaso da caseta da praza de abastos número NC046, da titularidade de Enrique Jiménez Lavilla, a favor de Hermanos Muiño, S.C., con NIF número J70346408

Acórdase:

1º.- Autorizar o traspaso da caseta da praza de abastos número NC046. O prezo do traspaso é de 6.010,12 euros e a empresa xestora percibirá a cantidade de 3.005,06 euros. A caseta dedicaranse á venda de panadería e repostería.

2. A nova persoa adxudicataria ten a obriga de explotar a caseta conforme as disposicións recollidas no Regulamento municipal da Praza de Abastos e a duración da concesión será por un máximo de 50 anos en total, contados dende a data na que foi concedida inicialmente.

16. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00013216A.

Proposta da alcaldía relativa a autorización de permuta da caseta da Praza de abastos NÚMERO NA341, da titularidade de "ASPAS EMPREGO, S.L." pola caseta número NA358 da titularidade de ALBERTO FERNÁNDEZ TABOADA.

Acórdase:

1º. Autorizar a permuta das casetas da praza de abastos números NA341 e NA358.

2º.- Os adxudicatarios ten a obriga de explotar as casetas conforme ás disposicións recollidas no Regulamento municipal de praza de abastos.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/9/2015.

Subministro de folios, sobres e carpetas para o Concello de Santiago de Compostela" . CON/9/2015.

Apróbase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, OFFICE DEPOT, S.L., por importe de 1.017,20 euros para responder do contrato de "Subministro de folios, sobres e carpetas para o Concello de Santiago de Compostela" . CON/9/2015.

18. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/17/2015.

Subministro de material consumible de oficina para o Concello de Santiago de Compostela” . CON/17/2015.

Apróbase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, OFFICE DEPOT, S.L., por importe de 4.809,78 euros para responder do contrato de “Subministro de material consumible de oficina para o Concello de Santiago de Compostela” . CON/17/2015.

19. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/40/2019.

Devolución fianza contrato: Iluminación de nadal 2019 do Concello de Santiago de Compostela. CON/40/2019.

Apróbase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL, por importe de 8.925,00 euros, para responder do contrato de “Iluminación de nadal 2019 do Concello de Santiago de Compostela” . CON/40/2019

20. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/14/2013.

Devolucion de fianza: Servizo alleo de prevención de riscos laborais para o Concello de Santiago de Compostela, incluíndo as especialidades preventivas de Hixiene Industrial e Medicina do Traballo e a actividade de Vixilancia médica da saúde”. CON/14/2013.

Apróbase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FREMAP, SLU. (agora QUIRON PREVENCIÓN SLU), por importe de 5.943,50 euros para responder do contrato de “Servizo alleo de prevención de riscos laborais para o Concello de Santiago de Compostela, incluíndo as especialidades preventivas de Hixiene Industrial e Medicina do Traballo e a actividade de Vixilancia médica da saúde” . CON/14/2013

21. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2021/00015427Y.

Nomeamento da directora da Área de Benestar Medioambiental e Servizos Básicos Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase nomear, de acordo co previsto nos artigos 127.1.i e 130 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como artigo 64 do Regulamento Orgánico do Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela, publicado no BOP núm. 45, do 6 de marzo de 2012, a dona M^a DEL ROCÍO MONTAÑÉS FERNÁNDEZ como directora da Área de Benestar Medioambiental e Servizos Básicos Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela, por ser a candidata máis idónea de todas as persoas presentadas en relación aos criterios recollidos nas bases da convocatoria.

22. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00015427Y.

Dación de conta da sinatura do Protocolo xeral de actuación entre a Secretaría Xeral de Axenda Urbana e Vivenda do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e o Concello de Santiago de Compostela.

Tómase coñecemento da sinatura o 8 de abril de 2021 do Protocolo Xeral entre a Secretaría Xeral de Axenda Urbana e Vivenda do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e o Concello de Santiago de Compostela relativo á elaboración e implantación do Plan de Acción do Municipio de Santiago de Compostela.

23. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00015427Y.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Dase conta.

URXENCIAS

24. 2021/00015143K. Procedementos administrativos. DACIÓN DE CONTA Á XUNTA DE GOBERNO DA SENTENZA 083/2021

Sentenza nº 083/2021

Obxecto: despedimento nulo por vulneración da garantía de indemnidade.

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en suplicación.

25. 2021/00015146R. Procedementos administrativos. DACIÓN DE CONTA Á XUNTA DE GOBERNO DA SENTENZA 158/2021

Sentenza nº 158/2021

Obxecto: impugnación da orde de cese de actividade gandeira.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación. A sentenza relata, no FX 1º, os antecedentes da cuestión, resoltos tanto polos xulgados de Santiago como polo propio TSX, primeiro desestimando o recurso de apelación da demandante no AP 4343/2020; e logo non admitindo o recurso de casación autonómico.

En síntese, a Sentenza 158/2021 remítese ás ditadas –valor positivo da cousa xulgada- para reiterar que estamos ante un suposto de sobreexplotación da parcela, non conforme co seu réxime urbanístico como solo de núcleo rural. A sentenza, ademais, é moi crítica co informe pericial aportado pola interesada; remitíndose ao “máis obxectivo e imparcial” que consta no expediente administrativo.

26. xob/110/2018. PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE REASIGNACIÓN DE SUPERVISOR DO CONTRATO LOTE I (URBANO) E LOTE II NO SERVIZO PARA A EXECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIÓNS DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓN DE PAVIMENTOS NOS VIARIOS MUNICIPAIS DO TERMO MUNICIPAL EXCLUÍDO O ÁMBITO DO RECINTO INTRAMUROS DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (2018-2020)

Acórdase designar como responsable supervisora dos lotes: Lote I vinculado ao Centro Xestor 09 e Lote II, obxecto do contrato do “Servizo para execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela (2018-2020)” á técnica Maria del Carmen Liñares Mosquera.

De forma que a supervisión final quedaría como a continuación se recolle, distribuindo a labor

de supervisión por lotes e nas cuantías que a continuación se sinalan:

☐ Lote 1: Viarios con pavimentos asfálticos

Supervisor do Lote 1

- Concellaría de Centros Socioculturais, Barrios e Obras 399.999,99 €. Maria del Carmen Liñares Mosquera
- Concellaría de Medio Rural 150.000,00 € Miguel Fdez. Solís

☐ Lote 2: Viarios con pavimentos non asfálticos

Supervisor do Lote 2

- Concellaría de Centros Socioculturais, Barrios e Obras 299.999,99 €. Maria del Carmen Liñares Mosquera

☐ Lote 3: Viarios sen pavimentos de rodaxe específicos

Supervisor do Lote 3

- Concellaría de Medio Rural 149.999,99 € Miguel Fdez. Solís

27. CON/12/2021. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN do servizo Deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo pirotécnico das festas do Apóstolo 2021 do Concello de Santiago de Compostela (CON/12/2021).

Apróbase o expediente denominado “Deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo pirotécnico das festas do Apóstolo 2021 do Concello de Santiago de Compostela” e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto,

establecéndose un tipo de licitación de 239.363,58 euros IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 50.266,35 euros, polo que importe total é de **289.629,93 euros**.

28. Proposta de Alcaldía relativa á adquisición dun 31% adicional das accións da Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, SL (UNINOVA) para a súa aprobación na Xunta de Goberno de Santiago de Compostela.

Vista a documentación presentada pola Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras SL (UNINOVA), así como os obxectivos recollidos no programa "Compostela Móvese 2020 COVID19" aprobado en Xunta de Goberno Local de 20 de abril de 2020 é preciso para a consecución deses obxectivos, proceder á adquisición dun 31% das accións de UNINOVA SL, polo importe acordado de 55.677 euros.